

CONSENTIMENTO INFORMADO PARA O/A CANDIDATO/A

AVALIACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO

1.- LOCALIZACIÓN

A avaliación das 4 Unidades de competencia que compoñen a cualificación profesional de Extinción de incendios e salvamento levarase a cabo na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), ubicada en A Estrada.

A persoa candidata deberá presentarse na AGASP media hora antes da convocatoria, debendo levar consigo de xeito obrigado o seu DNI, mascarilla e a vestimenta e equipo obrigatorio e necesario, sen o cal non poderá realizar a avaliación.

2.- SIMULACIÓN DE PRÁCTICA PROFESIONAL

A persoa candidata realizará unha, ou varias, simulacións de práctica profesional das Actividades Principais das seguintes Unidades de Competencia:

- UC0401_2: Executar as operacións necesarias para salvar vidas en perigo.
- UC0402_2: Executar as operacións necesarias para o control e extinción de incendios.
- UC0403_2: Actuar en sucesos descontrolados con ameaza para as persoas ou o medio ambiente.
- UC0404_2: Executar as operacións necesarias para o control de emerxencias coas axudas técnicas adecuadas.

Para a simulación das actividades determinadas pola Comisión de avaliación, a persoa candidata terá en conta os supostos que se lle plantean, as condicións do entorno onde se realiza, e os equipamentos e materiais dispostos para a simulación. A persoa candidata deberá realizar as actividades propostas de igual xeito que nun entorno e situación real de traballo, sempre baixo o contexto presentado polo/a avaliador/a. A persoa candidata equiparase con EPIs necesarios para a realización do exercicio, e en todo momento, seguirá as normas necesarias para a seguridade.

Posibles simulacións que se poden presentar na avaliación da cualificación:

- Realizar operacións de salvamento e rescate de persoas utilizando medios e técnicas de traballo en altura
- Realizar operacións de salvamento e rescate de persoas en espazos confinados
- Realizar operacións de salvamento en accidentes de medios de transporte
- Realizar operacións de rescate y salvamento de persoas en superficies acuáticas
- Efectuar as labores de extinción de incendios no ámbito urbán
- Efectuar as labores de extinción de incendios no ámbito forestal
- Extinguir incendios nos que estean involucradas sustancias perigosas
- Realizar operacións para paliar as consecuencias dos riscos meteorolóxicos
- Realizar operacións para paliar as consecuencias dos riscos xeolóxicos
- Realizar operacións para paliar as consecuencias dos accidentes antrópicos
- Efectuar operacións de consolidación das construcións
- Executar operacións de achique de auga en zonas puntuais alagadas

➤ **Executar operacións de liberación do ferido atrapado en ascensores, escaleiras mecánicas, máquinas e medios mecánicos.**

A persoa candidata realizará unha simulación de traballo de liberación de unha vítima dun ascensor desenvolvendo técnicas específicas para estas labores.

Posibles riscos na realización da proba:

- Caída a mesmo, ou distinto nivel
- Golpes por deslizamento
- Cortes derivados de roces e golpes contra aristas
- Queimaduras polo roce de cordas.
- Queimaduras polo rozaduras ou por efecto do lume.
- Queimaduras por contacto con zonas quentes ou lume
- Atrapamentos por ferramenta hidráulica ou manual.
- Pequenos atrapamentos por corda e elementos mecánicos.
- Contracturas, luxacións, ..
- Cansancio, agotamento, ...

3.- SECUENCIA A REALIZAR POR CADA CANDIDATO

- Presentarse na AGASP coa debida antelación á hora asignada no seu calendario de avaliación, e cotexar o DNI co avaliador.
- Atender e seguir en todo momento as indicacións dos avaliadores.
- Seguindo a súa quenda correspondente, esperar na zona reservada.
- Cando se lle indique, entrar na zona reservada de avaliación e esperar a súa quenda na zona de espera.
- Colocarse no punto de inicio de proba cando se lle indique.
- Realizar a proba seguindo as indicacións dos/as avaliadores/as.
- Seguir as indicacións de seguridade se sucede algún percance.
- Ao finalizar a proba, recoller o seu material, e o material de rescate usado.
- Saír da zona reservada de avaliación.

4.- CONSIDERACIÓN DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA OS CANDIDATOS

- Cada candidato deberá levar EPI completo (casco , monxa, cubrepantalon, chaquetón , luvas, botas). Ademais para a proba de salvamento de persoas en superficies acuáticas: bañador, chanclas e gorro de baño .
- A persoa candidata estará en zona de espera ata que lle corresponda o turno, nese momento escoitará a proba práctica que se lle propón e resolveránselle as dúbidas; antes de iniciar o exercicio equiparase cos EPIs e medios de seguridade; a partir dese momento desprazarse á zona de desenvolvemento da simulación cando así se lle indique polos avaliadores.
- Para a realización da proba é imprescindible a presentación do DNI. No caso de presentarse algún candidato sen él, o persoal do IGC poderá excepcionalmente permitirlle a realización o último día das probas e ao rematar todos os demais candidatos.
- A persoa candidata non poderá realizar a proba baixo os efectos do alcohol ou calquera outro tipo de droga ou sustancia estupefaciente ou psicotrópica.
- A persoa candidata non poderá por en perigo deliberadamente a súa integridade física, a de outros candidatos ou a do persoal da organización.
- A persoa candidata deberá informar ao persoal do IGC e os avaliadores, de calquera incidencia sobre o seu estado físico ou psíquico que poida afectar á súa saúde ou á de outros na realización da proba.
- A persoa candidata deberá estar en condicións óptimas para a realización da proba na súa quenda correspondente.
- Unha vez iniciada a proba, o candidato non poderá interromper a mesma, solicitar retraso ou espera, salvo por solicitude de abandono ou por causa de perigo para a súa

integridade física, a de outro candidato ou a do persoal da organización. Neste último caso, a Comisión de avaliación valorará repetila de novo ao final da xornada, unha vez rematen os restantes candidatos.

- A persoa candidata deberá realizar a proba nos seus espazos asignados.
- A persoa candidata deberá seguir escrupulosamente as indicacións dadas polos/as avaliadores/as, e especialmente no relativo á prevención de riscos laborais, podendo ser retirado dunha proba por parte dalgún dos avaliadores, se non cumpre coas condicións de seguridade.
- Se por causas alleas ao candidato é preciso suspender temporalmente a proba (calquera problema que poida afectar á seguridade dos candidatos ou do persoal do IGC), os avaliadores repetirán a proba unha vez solventado o problema, e comenzando pola última fase executada polo candidato.
- No caso de que o candidato/a sufra algún percance físico ou psíquico que poida por en perigo a súa integridade ou a de outros, está obrigado a avisar de inmediato aos seus avaliadores, utilizando o sinal acordado para as probas de avaliación.
- Para a realización das probas, é de obrigado cumprimento asinar o presente documento de consentimento.

5.- PAUTAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

- A persoa candidata está obrigada a avisar inmediatamente se sofre algún problema que poida por en perigo a súa integridade física ou a de outros.
- Se o problema xurde no medio acuático, a persoa candidata permanecerá a flote sen desplazarse, e pedirá axuda a viva voz, ademáis de realizar o sinal de petición de axuda descrito con antelación. A persoa candidata repetirá estas accións ata que o persoal de seguridade se decate da súa incidencia.
- A persoa candidata seguirá en todo momento as indicacións do persoal de seguridade e intervención, mostrando unha actitude colaboradora ata o fin da asistencia.
- En caso de que o persoal sanitario estime que non existe causa grave que poida impedir a realización da proba, a persoa candidata, se a Comisión de avaliación o considera, poderá repetila ao final da xornada.

6.- PROTOCOLOS COVID-19

- Nas simulacións adoptaranse en todo caso as medidas preventivas e de seguridade establecidas no seu momento polo Centro de Coordinación Operativa (Cecop) como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.
- A persoa candidata foi informada polo avaliador dos protocolos de seguridade relativos ao COVID-19 para levar a cabo as probas de avaliación na cualificación de Extinción de incendios e salvamento.

DECLARACIÓN RESPONSABLE CONDICIÓN DE SAÚDE COVID-19

- Declaro que non estou diagnosticado/a de Covid-19, non presento sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.), nin a presentei nos 14 días previos á data de realización desta actividade, nin padezo ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- Declaro que non convivo con ninguén afectado polo Covid-19, nin estiven en contacto estreito (non compartín espazo sen gardar a distancia interpersoal e sen a adecuada

protección) cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á data de realización desta actividade.

- Tampouco estou a gardar corentena debida a Covid-19 a requirimento das autoridades locais ou nacionais.
- Comprométome a realizar unha proba de temperatura antes de realizar a actividade, comprobando que se a temperatura corporal é superior a 37,5 comprométome a non continuar coa actividade.

Por tanto, declaro, baixo a miña responsabilidade, que participarei nas actividades de avaliación da competencia profesional, seguindo estritamente a información facilitada pola organización, acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas de hixiene e prevención obrigatorias.

A Estrada a dede 2020

Asdo. e conforme,

O/A Candidato/a: